

## ACTA MESA CONTRATACION

### CONTRATACIÓN DO SEGURO DE ACCIDENTES COLECTIVO PARA OS ASISTENTES E PARTICIPANTES NAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO CONCELLO DE LUGO. EXPTE REF 2024-C003-000008. LECTURA DE INFORME SOBRE A XUSTIFICACIÓN DA OFERTA E SELECCION.

Sendo as 9:00 horas do día 27 de xuño de 2024 no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación presidida por dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do Servizo de Contratación e Patrimonio do Concello de Lugo e actuando como vocais,

- dona Gema Vazque Rey , polo servizo de Intervención do Excmo. Concello de Lugo
- don Manuel Louzao Aldariz, titular de Asesoría Xurídica.
- dona Carmen Flores Pardo, letrada da Asesoría Xurídica.

E actuando como Secretaria, dona Eva Diaz López, técnico do servizo de Contratación e Patrimonio.

Na acta da Mesa de Contratación de 6 de xuño de 2024 , e tras a apertura das ofertas, puxose de manifesto que a mercantil MGS SEGUROS Y REASEGUROS S.A **estaba incurso en presunción de temeridade**, polo que acordouse concederlle un **prazo de 10 días hábiles** para que se xustificase e desglosase razoadamente e polo miúdo o baixo nivel de prezos ou costes, todo isto, de conformidade co artigo 149 da LCSP.

Tras a notificación do dito requirimento o 10 de xuño, a empresa presenta a documentación que foi remitida á Asesoría Xurídica que emite informe o 24 de xuño do seguinte teor:

**ASUNTO: Xustificación da viabilidade da proposición presentada por MGS seguros y reaseguros S.A en relación coa contratación do seguros e accidentes colectivo para os asistentes e participantes nas actividades organizadas polo Concello de Lugo.**

*A mesa de contratación convocada no procedemento de contratación do seguros e accidentes colectivo para os asistentes e participantes nas actividades organizadas polo Concello de Lugo acordou na súa sesión do día 6 de xuño de 2024 o seguinte:*

*“O prego de cláusulas administrativas particulares establece parámetros para a determinación de ofertas anormalmente baixas conforme ao artigo 85 RD 1098/2001 Regulamento da Lei de Contratos, resultando que a mellor oferta - a de MGS SEGUROS Y REASEGUROS S.A - **está incurso en presunción de temeridade**, polo que a Mesa acorda concederlle un **prazo de 10 días hábiles** para que se xustifique e desglose razoadamente e polo miúdo o baixo nivel de prezos ou costes, todo isto, de conformidade co artigo 149 da LCSP”.*

## **Contratación e Patrimonio**

ATM/cml

Refº: ispac8272398126983629020.doc

Asunto:

O día 14.06.2024 o representante da mercantil MGS seguros y reaseguros S.A presenta escrito xustificando a viabilidade da súa proposición, do cal se da traslado a esta Asesoría Xurídica para a emisión de informe no que se analice a xustificación presentada.

A xustificación da proposición presentada, precisándose as condicións da mesma, realízase por parte de MGS mediante unha serie de fundamentos que pretende acreditar o aforro que permite o procedemento de execución do contrato, as solucións técnicas adoptadas e as condicións favorables de que dispón MGS para executar o contrato. Concretamente e de xeito resumido:

1. Ao ser MGS compañía aseguradora de numerosas Administracións Públicas (Central, Autonómicas e Locais) e dispoñer en carteira de numerosos seguros de similar natureza ao que se contrata no actual procedemento, permite a este licitador un aforro de custos pola economía de escala que se produce en multitude de procedementos de execución do contrato. Por outra parte, a experiencia de siniestralidade en numerosos riscos de natureza similar permítelle elaborar adecuadas hipótesis actuariais para o cálculo da prima.
2. Xestión do contrato directamente con medios humanos e técnicos propios da compañía.
3. Amplio volume de negocio e presenza en todo o territorio nacional (carteira de primas no ano 2022 por importe de 365.461.994 euros, dos cales 8.866.669 euros son por clientes pertencentes á Administración Pública.
4. Experiencia colectiva e individual neste tipo de riscos.
5. O análise da siniestralidade media garante a solvencia económica neste segmento, a expensas de sinistros punta que serían absorbibles sen maiores problemas debido ao reaseguramento por parte de MGS nun reasegurador internacional de primeiro nivel. A existencia de mediador designado polo Concello (Howden) cunha porcentaxe de comisionamento inferiro ao habitual do mercado.
6. MGS xa era aseguradora dalgún dos colectivos que forman parte da actual licitación así como de seguros similares no Concello, polo que dispón de experiencia propia no comportamento siniestral do Concello de Lugo.
7. Por último, garantía da solvencia da oferta realizada en base á experiencia, volume de negocio e historia no mercado asegurador de MGS.

O prego de cláusulas administrativas contemplaba os parámetros obxectivos que permitan identificar os casos en que unha oferta se considere anormal ou temeraria, por imperativo do previsto no artigo 149 LCSP. Non obstante debemos indicar que, polas características e obxecto deste contrato, no que a compañía de seguros adquire unha obrigas perfectamente indentificadas no prego de prescricións técnicas e conforme a normativa de aplicación na materia (lei de contrato de seguro), a consideración de temeridade da proposición ten unha importancia relativamente menor que noutro tipo de contratos de resultado, e vincúlase mais á solvencia da propia empresa licitadora que neste caso está acreditada no procedemento e por suposto a través da acreditación para operar no mercado asegurador.

**Unha vez analizada a xustificación presentada polo representante de MGS e os argumentos expostos, por parte do que suscribe enténdese xustificada a viabilidade da proposición presentada e propónse á mesa de contratación a aceptación da mesma para continuar co procedemento de adxudicación do contrato.**

É todo canto procede informar, quedando a disposición do órgano solicitante para calquer ampliación ou aclaración que fose precisa. "

Á vista do cal a Mesa de contratación acorda seleccionar como oferta mais ventaxosa a presentada pola mercantil MGS SEGUROS Y REASEGUROS S.A co CIF A08171373, conforme a seguinte oferta e condicións:

- Unha **prima anual** de 25.866,60 euros.

As seguintes melloras nas coberturas:

- Incremento sobre a suma asegurada para a cobertura do falecemento por accidente de 6000 euros sobre o capital asegurado de 12.000 euros

- Incremento da suma asegurada para a cobertura de invalidez permanente parcial por accidente de 6000 euros sobre o capital asegurado de 12.000 euros

- Incremento do capital asegurado para la cobertura de asistencia sanitaria en centro de libre elección 3000 euros

A Mesa acorda que dende o Servizo de Contratación, e ao abeiro do artigo 150.2 da LCSP, se proceda á comprobación da documentación necesaria para adxudicar o contrato e a requerirille, mediante notificación a través da PCSP, para a súa presentación nos prazos legalmente establecidos.

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 9:15 horas.

A PRESIDENTA, (sinatura dixital)  
Ana Tabarés Martínez

O SECRETARIO, (sinatura dixital)  
Eva Diaz López